



EXCMO. CONCELLO DE A ESTRADA

Praza Constitución, 1
Tfnos.: 986 570165/570030
Fax: 986 570233

ANUNCIO

O Concello Pleno, na súa sesión ordinaria de data 13 de decembro de 2012, entre outros acordos e previos os informes e trámites preceptivos, aprobou, de oficio, o exercizo contradictorio dunha acción de deslinde administrativo do camiño comunal radicado en A Somoza (Castro Ramiro), concretamente, entre as edificacións sitas na finca catastral nº 36017A154000020000RT (parcela 2, polígono 154) e na nº 36017A154000030000RF (parcela 3, polígono 154); en sede do inescusable deber de defensa municipal do seu patrimonio.

A data do inicio das operacións técnicas de apeo e amolloamento provisorio será o día 23 de maio de 2013, a partir das 10:00 horas, a realizar pola Oficina Técnica Municipal.

O que se fai público para xeral coñecemento. Dende o día número 1 ao día número 40 a contares dende a publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, os colindantes e demais interesados lexítimos poderán examinar o expediente no Departamento de Urbanismo (1º andar da Casa Consistorial, en horario de 09:00 a 14:00 horas), e, no seu caso, presentar os documentos, probas e/ou alegacións que estimen oportunos na defensa dos seus dereitos e intereses (non se admitirán de presentarse extemporaneamente).

A Estrada, 17 de decembro de 2012.
O ALCALDE- PRESIDENTE,

Asdo./ José C. López Campos.